

(Madrid, BAH. Colección Velázquez)

1 de agosto de 922

O REI ORDOÑO II DOTA AO RESTAURADO MOSTEIRO DE SAMOS E AO ABADE SINDERICO CON BENS E OBXECTOS LITÚRXCICOS

No nome do Señor.

Comeza o inventario de recoñecemento e testamento de confirmación do Mosteiro que chaman SAMOS, igrexa de San Xulián, feito polo príncipe don ORDOÑO, rei magno, fillo do príncipe don AFONSO.

Omnipotente Deus e Redentor noso , Señor Xesús-Cristo, e gloriosos e despois de Deus para min fortísimos padroeiros, santos Xulián e Basilisa, Santa Eufemia, Santa Olalla, San Vicenzo, Santa Engracia, Santos Xusto e Pastor, San Sebastián, e os seus compañeiros mártires, de quen a basílica sita está na provincia de GALICIA, na urbe da sede lucense, no territorio sarriense, na ribeira deste río fluente, onde doutro xeito din SAMOS:

Eu, cativo servo voso, e aquí perpetuamente obediente, ORDOÑO , rei.

Ainda que nas orixes as boas obras inspiradas por Deus, na mente son suxeridas, son cortadas, tamén as obras de xustiza, que con maior cúmulo e de maior valor medran no voto, e maior remuneración será agardada en premio e finalmente no estadio das boas obras os seus pasos dirixe porque cara a edificación das ánimas dos fieis o seu sentimento de corazón obtén nos votos a presenza da Santa Divinidade.

Mais nas obras de xustiza _____ e tabernáculos _____debemos _____tabernáculos da Santa Igrexa para que rezando a Deus construír e restaurar dispón. Dignamente pois xa pola súa esperanza, no voto na Casa do ceo unha mansión para moitos coloque, porque esta casa , a igrexa santa, dentro e fora , e nos edificios e funcións das cousas e ánimas dos fieis constrúe e confirma,

Deste xeito pois eu a vos Santo con pregos _____ Santa e inefable Trindade digno mereza obter, e dese xeito este camiño de depravación queira evitar e o camiño dos bons seguir e con prácido paso percorrer os camiños para que desta maneira no estado da rexeneración a ti, Señor Xesús-Cristo, mereza contemplarte placable cando o século polo lume veñas a vulgar, con devota mente, desexoso da loubanza da vosa gloria no mellor adquirir un lugar no tempo dende que fundado fose, e que agora me conven lembrar.

De moitos, pois, permañece coñecido como este lugar é dos meus avós e dos meus pais, porque por causa desta ansiedade miña no meu corazón sondando, dende hai algún tempo como o mosteiro do lugar xa dito baixo o nome santo del teña caído na orde parroquial, por iso querendo agora que esta vosa basílica , robustecido quero confirmala na orde de Mosteiro, segundo de antigo fora, e da maneira que alí escrito está na Pedra:

... Alegre aquí grato remedio
e o adro interior non caia no uso do pobo
nin nunca xamais ningunha muller pública luza
ninguén envexoso aquí negocios resolva
Flor onde vida cenobial resplandeza.

Por isto que coñecemos, para que a beleza da vida cenobial alí luza, en verdade, desta maneira coñecemos como un sacerdote chamado abade ARXERICO e a súa irmá chamada SARRA , viñeron dos confíns de HESPAÑA, no tempo do meu bisavó

meu de divina memoria o príncipe don FROILA... que lles concedeu este lugar e construíron o Mosteiro e fixérono cenobio de moitos segundo a norma dos Santos Padres. E por orde deste príncipe tomaron as vilas da antiga seiva na nova estirpe agrupada de novo.

Estas son as vilas determinadas:

No BIERZO:

- A Vila que lle chaman VIOXIO.
- E fixéron a igrexa de SAN XOÁN entre dous ríos discorrentes SIL e CÚA.
- En VALDEORRAS unha senra de nove moios.
- En QUIROGA o vilar que chaman PARADA.
- No BÚBAL a igrexa que din CELAGUANTES.
- En CUÑARRO o vilar que din de SANTA MARIÑA
- Na ribeira do mar , no SALNÉS, unha vila en CASTRELO que lle chaman LUSTRES, a igrexa de SAN PEDRO e as salinas que chaman SAMANEGAS.
- En LÓUZARA, a igrexa de SAN CRISTOVO e SAN XOÁN, coas súas vilas e polos seus termos por onde as delimitou (*).....chamados.....e fixéron despois testamento , para cada un, aquel que a vila posúa que a teña por firmeza.

En verdade posteriormente vcu o meu bisavó xa dito, don AFONSO, naquel entón na puericia, morou aquí en SAMOS e noutro lugarexo que din SOBREDO, na ribeira do LOR, cos frades, moito tempo, no tempo da súa persecución.

Cando despois foi confirmado e unxido no reino, confirmoulles o camiño e contestoulles o Mosteiro e estas vilas polos seus termos e lugares antigos.

En verdade, pasado moito tempo veu dende HESPAÑA o abade OFILÓN , coa "Deo vota" MARIA e posuiron este Mosteiro íntegro, por concesión do meu avó don ORDOÑO, e do meu pai o príncipe don AFONSO.

Despois da súa morte, en verdade, o camiño os frades que ata de agora comoradores foron, así como transeúntes, o que todos estes testamentos, pautos e dotacións do Mosteiro e a súa igrexa, non acharon, porque , de tal xeito o que arbitramos perderon ou ben eles roubaron, en verdade, eles que dende o tempo de OFILÓN ata de agora aquí comoradores foron, en parte nisto excusantes, en parte porque da censura da Lei e do xugo de Cristo seren propicios, nin na vida santa e neste lugar, mentidores ao Espírito Santo, perseveran, mais imperitos e inútiles, non mortificantes, mais vivificadores da súa carne , non adicados á súa edificación e á dos pobos, senón en grande maneira , o que é de temer, atentos á destrución e perdición das súas ánimas.

Por iso, por esta causa, igoalmente o xa antedito rei ORDOÑO, cando esta..... ordenou igoalmente á congregación dos frades que a vida cenobial prosigan segundo, dende antigo clarece.

Igoalmente pola miña propia vontade decidín de xeito que pola vosa multitude consiga a graza.

Ofrezco e dono ao Sacro e Santo altar da vosa igrexa , nese Mosteiro, do xeito que dixen, confiro ademais aos sacrosantos altares seus en ornamentos_____ unha cruz de prata, caixa___ arxénteas, tres coroas de prata, dous cálices de prata, dez vasos rituais de prata, un candeeiro de prata, un botafumeiro e unha lucerna, augamanís, sino. Vestimentas dos altares: Frontais, mantos, veos principais que entre o vestíbulo e o altar están pendurados. Vestimentas dos monxes: Albas, casulas de liño e de la. Libros eclesiásticos, estes son: Antifonario, de Oración, Comicon, dous Manuais, Salterio, da Paixón, dous da Oración da Orde, dous de Pregos, Libros espirituais, isto é: Homiliario, dos Diálogos, Homilias dos Profetas, Disposición de Ensaio do Profeta, Parte de Moral, Vida dos Salmistas, Texto dos Evanxeos, Libro da Régoa, Clase dos Oficios, Da Sabedoria, Epistolario, Das

Etimoloxías, Rexistro de Tonsurados. En San Cristovo de Lóuzara: Antifonario, De Oración, Comicon, dous Manuais e Salterio. En San Xoàn en Vioxio: En San Pedro__es__cantos ali aches.

Enado ademáis e dono para honra de San Xulián e dos seus compañeiros, para sustentación das casas e vestido dos frades e dos relixiosos monxes que neste lugar residan, e que na santa vida perseveren, para sustentación dos pobres e igoalmente dos peregrinos que cheguen ao Hospital, este lugar con todas as súas adxacenzas:

As vilas que no seu circundo están polos seus termos, por onde as obtiveron os abades ARXERICO e OFILÓN, segundo constan no testamento do meu bisavó, o xa antedito don AFONSO; e segundo eu o confirmo para a parte do Mosteiro, con todos os bens íntegramente: Coas igrexas, casas con edificios intrínsecos delas, con terras, pumaregas, viñas e todos os bens á prestanza destes lugares sexan vistos. E ademáis todas estas vilas antes nomeadas_____

Todos os bens eu transfiro e concedo, de xeito que teñades_____ confirmada e corroborada, con devoción e doazón decido, de xeito que calquera sacerdote, ou relixioso de Deus, que por pauto, neste lugar, ou por plácito da Régoa, enriquecido, para servir aos pobres se transfira, baixo da man do Abade e dos Señores, sexan eles riba destes bens_____ en comunidade tamén cando sinale de xeito que co testemuño dos bons ornen a súa santa igrexa, e ademáis percurando o lucro a aumenten.

Se calquera, pois, deste ou dos subseguintes tempos, tanto de entre os cregos como dos leigos, con calquera aserción ou calquera clas de home, contra esta escritura e voto calquera execución ou ousadía tencione alzar, ou das prestacións deste lugar algunha subvertir do meu voto, en mutando, roubando, vendendo, ocupando ou alienando, sexa anatema maranata, sexa privado da presenza de Deus omnipotente e dos santos apóstolos e deste mártir seu e en dupla confusión, con Xudas, traidor ao Espírito Santo, sofra en eterna condenación. E aquí no século veñan riba del todas as maldicións que están escritas no Libro de Moisés. E as penas da lei constrinxido e coaccionado sufran.

Feita escritura de dote, testamento e doazón polo príncipe don ORDOÑO, rei pio, no Concilio dos Bispos e dos Ortodoxos dos que baixo confirmación están postas as súas sinaturas, no día que foi o das quendas de Agosto na Era Nonacentésima Sesaxésima.

ORDOÑO, rei, este testamento de dote e doazón, invención e agnición por min feita, confirmo.-SANCHO, fillo do rei, confirmo.- AFONSO, fillo do rei, confirmo.- RAMIRO, fillo do rei, confirmo.- GARCIA, fillo do rei, confirmo.- GUTER MENENDIZ, testemuña.- ARIAS MENENDIZ, testemuña.- GUTER OSORIZ, testemuña.- TITON LUCIDI, testemuña.-VERMUDO LUCIDI, testemuña.

OVECO, bispo da sede ovetense, confirmo.- RECAREDO, bispo da sede lucense, confirmo.- SABARICO, bispo da sede dumiense, confirmo.- ASSURI, bispo da sede auriense, confirmo.- DIEGO, bispo conimbrense, confirma.- GUNDESIDO__.- FORTIS, bispo da sede asturicense, confirma.- SABARICO, bispo da sede visense, confirma.- PANTALEON, bispo da sede lamacense, confirma.- VERMUDO, presbítero, escribiu e testemuña-

ORDOÑO, rei, confirmando.

NUNO ALBARAZ, testemuña.- AZOLEIMBAR, testemuña.-XUSTINO, testemuña.- ARDINO, diácono.- ARIULFO, testemuña.- XUBADO, testemuña.- OVECO, diácono, testemuña.-AROSINDO, testemuña.- ARTARICO, diácono, testemuña.- ERO OLITIAZ, testemuña.-SANDO, presbítero, testemuña.-ITAULFO, testemuña.- ADULFO, diácono, testemuña.- BRAOLIO, testemuña.- M__TUS, testemuña.-BENAZARIO, testemuña.- FORTIS, testemuña.- EGAS SINISTRO, testemuña.- ALOITO, testemuña.-GUTINO, testemuña.-SISCUTO PEPIAZ, testemuña.

(*) ... De PENALBA e logo por PEDRA FITA e por onde é dito BUSTO....por ANGULOM ...lo e descende aa EBERNIZO e logo polo MONTE IRIBIO ata PADRÓN e baixa a CASTRO, segundo no testamento de ARXERICO e SARRA está escrito.

MONASTERIO SAMANOS. Mosteiro de Samos.- TERRITORO SARRIENSE : Terra de Sárria.- BERCIO: O Bierzo.- VILLA VIOGIO: Vila de Vioxio.Villadepalos.- ECCLESSIA SANCTI JOANI: Igrexa de San Xoán.- SILE : Río Sil.- CUA : Río Cúa.- JORRE : Valdeorras.- KARIOGA : Quiroga.- PARATA: Parada.- BUBAL: Río Búbal.- EGLESIAM CELLA HIC ORANTES : Igrexa de Celaguantes(A Peroxa) .- CUMARRO: Cuñarro.- SANCTA MARINA :Santa Mariña.- SALIENSE : Salnés.- VILA AD CASTRELUM : Vila en Castrelo.- LUSTRIS : Lustres.- SALINAS SAMANEGAS: Salinas Samanegas.- LAUZARA : Lóuzara.- SANCTI CHRISTOPHORI : San Cristovo de Lóuzara.- SANCTI JOANNI: San Xoán de Lóuzara.- PETRA FITA : Pedrafitas do Courel.- BUSTO FRIGIDO : Busto Frío.- EBERNIZU: Ebernizo.- MONT ERIPIO : Monte Iribio.- PATRONO : Aira Padrón.- CASTRO : Castro.